



IX FESTIVAL DE CANS Cans (O Porriño), 23 a 26 de maio de 2012

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE CURTAMETRAXES AO IX FESTIVAL DE CANS

A Asociación Cultural Arela abre o prazo de admisión de curtametraxes para a súa selección para participar na IX edición do Festival de Cans.

As bases son as seguintes:

1. As curtametraxes que se presenten deben ser curtametraxes galegas dos anos 2010, 2011 ou 2012. A efectos de participación neste festival, por curtametraxes galegas enténdense pezas producidas por produtoras de Galicia, feitas en Galicia ou cuxo director/a sexa galego/a. Aínda que non é condición necesaria, valoraranse especialmente as curtametraxes non estreadas en Galicia nin en internet.
2. Establécense dúas categorías a concurso:
 - a) curtametraxes de animación;
 - b) curtametraxes de ficción.

O certame admite ademais todo tipo de curtametraxes que poden ser incluídas noutras seccións fóra de concurso (documentais, capítulos piloto de webseries...)

3. A duración de cada curtametraxe non superará os 30 minutos.
4. Establécense os seguintes premios, coa dotación económica que se indica:
 - a) premio do xurado á mellor curtametraxe de ficción: 1.500 € e Can de Pedra;
 - b) premio do xurado á mellor curtametraxe de animación: 1.500 € e Can de Pedra;
 - c) premio do público á mellor curtametraxe de ficción: 1.000 € e Can de Pedra;
 - d) premio do público á mellor curtametraxe de animación: 1.000 € e Can de Pedra;
 - e) premio do xurado á mellor actriz: Can de Pedra;
 - f) premio do xurado ao mellor actor: Can de Pedra;
 - g) premio do xurado ao mellor guión: Can de Pedra.
5. As curtametraxes enviaranse antes do 16 de marzo de 2012 ao seguinte enderezo:

Asociación Cultural Arela
Aptdo. de Correos 232
C.P. 36400 O Porriño (Pontevedra)
6. As curtametraxes enviaranse co seguinte material e documentación:
 - a) dúas copias independentes en formato DVD;
 - b) ficha de inscrición cumprimentada e asinada, descargada do apartado "bases" da web www.festivaldecans.com.
 - c) dúas imaxes dixitais en formato JPG (un fotograma e o cartel), con resolución mínima de 200 píxeles por pulgada).

7. As curtametraxes seleccionadas serán exhibidas dentro da programación do IX Festival de Cans, que se desenvolverá do 23 ao 26 de maio de 2012.



BASES PARA A PRESENTACIÓN DE VIDEOCLIPS AO IX FESTIVAL DE CANS

A Asociación Cultural Arela abre o prazo de admisión de videoclips para a súa selección para participar na IX edición do Festival de Cans.

As bases son as seguintes:

1. Os videoclips que se presenten deben ser de músic@s ou grupos galegos, ou de autor/a galeg@, realizados nos anos 2010, 2011 ou 2012.
2. Establécense os seguintes premios, coa dotación económica que se indica:
 - a) premio do xurado ao mellor videoclip: 300 € e Can de Pedra;
 - b) premio do público ao mellor videoclip: 300 € e Can de Pedra.
3. Os videoclips enviaranse antes do 16 de marzo de 2012 ao seguinte enderezo:

Asociación Cultural Arela
Aptdo. de Correos 232
C.P. 36400 O Porriño (Pontevedra)
8. As curtametraxes enviaranse co seguinte material e documentación:
 - a) dúas copias independentes en formato DVD;
 - b) ficha de inscrición cumprimentada e asinada, descargada do apartado “bases” da web www.festivaldecans.com.
4. Os videoclips seleccionados serán exhibidos dentro da programación do VII Festival de Cans, que se desenvolverá do 23 ao 26 de maio de 2012.

Asociación Cultural Arela
16 de xaneiro de 2012